



Compostela
Cultura
Artes visuais

Solovki

Juan Manuel Castro Prieto e Rafael Trapiello



Auditorio de Galicia
24 de marzo – 27 de xuño 2021

Solovki

Juan Manuel Castro Prieto e Rafael Trapiello

Solovki é como se coñecen comunmente en Rusia as illas do arquipélago Solovetsky, na metade do mar Branco. Na zona máis protexida da illa Bolshoi Solovetsky, a maior de todas, á beira dun porto natural, atópase o complexo ortodoxo do mosteiro Solovetsky. O Kremlin (fortaleza en ruso), construído na segunda metade do século XVI, é o edificio máis importante dos que compoñen Solovetsky, unha xoia da arquitectura sacra ortodoxa. Tanto é así que o mosteiro foi proclamado patrimonio da humanidade en 1992, pouco despois da caída do réxime soviético. Con todo, esa xoia non só irradia arte, senón que é depositaria tamén dun pasado escuro, iniciado en tempos de Iván o Terrible.

En efecto, as súas instalacións foron utilizadas como prisión para os elementos considerados máis perigosos polos tsares durante tres séculos, até 1883. Tras a revolución bolxevique, o mosteiro foi pechado en 1920 e tres anos máis tarde creouse naquel lugar o chamado Campo Solovki de Propósitos Especiais, que é basicamente un eufemismo de campo de prisioneiros.

En Solovki ensaiáronse os métodos de tortura, reclusión e traballos forzados que se replicarían máis tarde no *gulag*, o terrible sistema de prisións soviético. De feito, segundo Aleksandr Solzhenitsyn, Solovki foi a nai do *gulag*, o espello no que habían de mirarse todos os campos



Kremlin



Hieromonje Peter

de traballo durante a época do Gran Terror. En 1923 Solovki contiña non máis de tres mil prisioneiros; en 1930 o número aumentara até aproximadamente os cincuenta mil. Moitos deles traballaron na construción da canle do mar Branco, na que morreron decenas de miles de persoas. O número exacto de falecidos, tanto durante as obras de construción da canle como no campo de prisioneiros, segue sendo a día de hoxe unha incógnita. As instalacións pecháronse en 1939 como consecuencia do estalido da Segunda Guerra Mundial, pasando a ser unha base naval. Desde entón, Solovki non deixou de estar ocupada por militares até 1991.

Hoxe en día, Solovki é un centro moi importante de peregrinación para os ortodoxos rusos. Miles de persoas viaxan durante o verán para visitaren estas inhóspitas pero fermosísimas illas. A poboación



Dasha Morozova

que habita alí durante todo o ano, algo menos de mil persoas, vive fundamentalmente do turismo. Actualmente as autoridades do mosteiro, en convivencia co goberno ruso, están a eliminar todos os restos que aínda se mantiñan da antiga prisión soviética e dificultando enormemente o desenvolvemento dos traballos de investigación que pretenden desenvolver os historiadores. En xaneiro de 2016, o Museo do Gulag de Solovki, dependente do mosteiro, foi clausurado polo arquiandrita Porfirio, máxima autoridade do mosteiro e das illas. A súa intención manifesta é devolver o arquipélago ao seu estado anterior a 1920. O goberno, pola súa banda, alenta estas decisións. Nestes momentos, podemos ver como no país se encarceran xornalistas e historiadores e como se pechan memoriais sobre as vítimas da represión soviética.

Neste contexto, Juan Manuel Castro Prieto e Rafael Trapiello realizaron dúas viaxes a Solovki, unha no verán de 2015 e outra a comezos da primavera de 2016. A súa intención era realizar un traballo que transitase entre o inferno e o paraíso que definen o lugar. Pero a ausencia de restos do campo de traballos forzados fixo que tivesen que optar por unha estratexia narrativa máis próxima á poesía que ao documental, á suxestión que á mostra, facendo uso de ferramentas simbólicas.

O visitante da exposición atoparase con que está dividida en catro grandes bloques temáticos, que se corresponden con diferentes tipos de imaxes. En primeiro lugar, exhibense o mosteiro e os monxes, que representan o hermetismo e o poder. O Kremlin ten unha presenza moi forte, case permanente, e lémbrenos en todo momento que Solovki pertence á igrexa e que esta é a autoridade absoluta. En segundo lugar, desprégase unha serie de retratos da xente común que habita Solovki. En terceiro lugar, aténdese á vida cotiá nela, aos nenos e os seus xogos, á escola, as casas e as rúas da localidade, estampas á vez costumistas e exóticas. E, por último, expónse unha aproximación ás pegadas emocionais que o *gulag* deixou no territorio a través das imaxes máis metafóricas da exposición: a muller tras o aramado do aeródromo, o lago e os seus xuncos desdebuxándose na néboa, os trapos sucios enriba da mesa, como manchados de sangue, a xanela da cela selada con taboleiros de madeira, o obreiro no seu barracón que nos fai lembrar os prisioneiros que alí estiveron etc. Completan a exposición unha selección de copias extraídas do arquivo gráfico de Yuri Brodsky, historiador considerado como o maior experto sobre Solovki na época do *gulag*, e un vídeo de Mario Castro que, entre outros recursos, monta material fílmico obtido da película de propaganda Solovki, de 1928, xunto a imaxes de Juan Manuel Castro Prieto e Rafael Trapiello.

En conxunto, Castro Prieto e Trapiello decidiron presentar Solovki cun coidado conxunto de imaxes próximas ao pictórico, pero á vez indicadoras dun ambiente opresivo, subliñando a estraña tensión que existe entre a espiritualidade e a beleza da contorna e un pasado terrible; ceo e inferno que, dialecticamente, soportan as illas sobre as súas costas. Antonio Muñoz Molina, autor do texto que prologa o libro, que titulou «O frío e o esquecemento», descríbeo así:

«Ningún dos dous me parece que chegase nunca tan lonxe como nesta viaxe a Solovki: tan lonxe no pasado en branco e negro e na negrura do gulag; tan lonxe nesas paisaxes nas que calquera figura humana



Kremlin

adquire un dramatismo de naufraxio, e nas que toda presenza, toda memoria, se van disolvendo segundo a mirada da viaxe vai chegando máis cara ao norte, cara a eses horizontes que terminan na bruma e nas chairas de neve nas que se perdían para sempre sen rastro os exploradores polares do século XIX, cara a ese arco iluminado á entrada dunha fortaleza que foi mosteiro e prisión e castelo de irás e non volverás, cara a ese atardecer rosado no que termina unha estrada chea de fochancas, cara á negrura absoluta na que parece mergullarse o mundo, cun asomo de claro azulado de bosque moi lonxe, cun ceo que non se sabe se é de amencer, pero que sexa o que sexa é unha fronteira máis alá da cal xa non pode seguir a viaxe, nin pode haber máis fotos, nin máis imaxes, ningún recordo, só o frío e o esquecemento da desaparición». [Alicia Ventura, comisaria]



Porto na bahía Blagopoluchiya

Auditorio de Galicia 24 de marzo – 27 de xuño 2021

Todos os días de 10.00 a 14.00 h
e de 16 a 20.00 h
(os días de concerto a sala pecha ás 19.00 h)

Auditorio de Galicia | Avda. Burgo das Nacións s/n | Santiago de Compostela

 CompostelaCultura
 CCultura
 @CompostelaCultura
 CompostelaCulturaTV
 compostelacultura.gal



Producen



Centro
José
Guerrero

